

Plan dixital

[CEIP Ramón Falcón]

[Versión 1.0 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP Ramón Falcón

Dirección: Avenida Alcalde Emilio Sinde Nieto S/N

Localidade: Castro de Rei

Código Postal: 27250

Provincia: Lugo

Código do centro: 270 01609

Correo electrónico: ceip.ramón.falcón@edu.xunta.gal

Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonfalcon/>

Etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria.

Nº alumnado: Educación Infantil (21) e Educación Primaria (56).

Nº profesorado: 12 + 3 itinerantes

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O CEIP Ramón Falcón está emprazado na vila de Castro de Rei, capitalidade do concello do mesmo nome. Este concello está no corazón da comarca da Terra Chá. En todos os núcleos de poboación do concello, as explotacións agro-gandeiras son moi significativas, xa que a maioría da poboación ten nesta actividade a súa vía principal de ingresos.
- A competencia dixital é unha realidade dende hai uns anos e no CEIP Ramón Falcón intentamos que tamén seña unha realidade. O proxecto educativo do centro inspira que unha aprendizaxe para a vida futura é un aspecto básico na formación do alumnado. Por iso, as aprendizaxes relacionadas coas tecnoloxías posibilitarán un achegamento ao que se poden atopar na súa vida laboral, social e familiar. O centro leva uns cantos anos traballando con proxectos vencellados á competencia dixital como medio de desenvolvemento: PLAMBE, E-Dixgal, Digicraft, Radio na biblio, API... son unha mostra do interese do centro pola formación tecnolóxica.
- Este plan dixital pretende contribuir á Programación Xeral Anual do curso 2022/2023 mediante a continuación dos plans vixentes anteriormente citados, coa implementación de actividades de carácter dixital nas aulas e co incremento da competencia dixital en todos os sectores da comunidade educativa.

Breve xustificación do mesmo

A normativa a ter en conta para a elaboración deste plan dixital é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Proceso de elaboración

A elaboración do Plan Dixital do centro realizouse mediante un Plan de Formación Permanente do Profesorado, cunha duración de 20 horas e no formato de seminario.

A totalidade do profesorado do centro (con centro base nel) participou neste seminario.

Primeiramente, realizamos o test SELFIE e o Test CCD, para coñecer aspectos básicos sobre a relación do noso día a día co ámbito dixital.

Seguidamente, elaboramos un informe DAFO, onde postulamos as nosas fortalezas, oportunidades, ameazas e debilidades.

Tendo en conta todo o anterior, elaboramos un plan de acción. O cal consta de tres obxectivos básicos e unha serie de accións para cada un deles.

Por último, rematamos con este documento (Plan Dixital).

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura:

- O centro dispón de boa conectividade a nivel xeral. Dende que se implantou o programa Escuelas Conectadas, a conectividade mellorou moito.
As conexións de voz (teléfono) son bastante obsoletas.
A rede sen fíos do centro funciona bastante ben, tendo varios puntos de acceso distribuídos por todo o centro.
A instalación eléctrica do centro é regular, xa que hai cables visibles e faltan enchufes.

Equipamento:

- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: contamos con 5 aulas dixitalizadas, 2 aulas do proxecto E-Dixgal, 2 equipos de xestión e administración, 4 equipos na biblioteca (2 de xestión), 1 equipo para uso nas sala de profesorado, tablets, 10 equipos obsoletos na aula de informática e dispoñemos de mesa de luz , robots, 1 equipo e mesa de mesturas (radio na escola) pertencentes ao PLAMBE.
Ordenadores Noobi do proxecto Abalar (dispoñen de maqueta lixeira pero funcionan moi mal).
Dispoñemos dunha pizarra dixital móbil.

Servizos dixitais:

- Servizos dixitais educativos: contamos cós servizos propostos pola Consellería: páxina web do centro, aula virtual, abalarmóbil, webex ou falemos...
A biblioteca do centro conta cunha conta en facebook para a difusión do seu traballo.
- A xestión do equipamento do centro está contratada cunha empresa externa. Os pequenos problemas que xurden a cotío, o coordinador TIC intenta solventalos.
- O plan de continxencia do centro establece os mecanismos de actuación en caso de non ser posible o ensino presencial..

Fontes empregadas para a análise DAFO

Resultados autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	4				
	Alumnado	4,7				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	4				
	Alumnado	4,4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,7				
	Profesorado	4,4				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	4,4				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	4,5				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	4,6				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	7	85,7%
PROVISIONAL	5	5	100%
INTERINO	-	-	-
SUBSTITUTO	1	2	50%
DESPRAZADO	-	-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
92,7	<u>Integrador (B1)</u>	76,4	<u>Integrador (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	86,2	<i>Integrador (B1)</i>	68,2	<i>Integrador (B1)</i>
PRI	100,6	<i>Experto (B2)</i>	77	<i>Integrador (B1)</i>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	3	25%
B1	3	25%
B2	4	33.3%
C1	1	8.3%
C2	1	8.3%
TOTAL	12	99.9%

Outras fontes: consulta sobre información do Concello.

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>1. O número de equipos para o alumnado e profesorado é suficiente. (Portátiles E-Dixgal, portátiles Noobi Abalar, ordenadores de mesa, pizarras dixitais, ordenadores de xestión).</p> <p>2. Número suficiente de puntos de acceso a internet.</p>	<p>1. A maioría do equipamiento está obsoleto e funciona lento.</p> <p>2. A conexión a Internet é regular, xa que ten altibaixos (últimos anos).</p> <p>3. Instalación eléctrica insuficiente e obsoleta:</p>

		faltan enchufes e hai cadros de luz ao descuberto.
PERSONAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Emprego de distantes ferramentas de comunicación corporativas (Abalar, correo electrónico, páxina web do centro...). 2. Emprego do Entorno Virtual de Aprendizaxe do E-Dixgal e da aula virtual do centro). 3. Coñecemento das competencias dixitais a nivel usuario, pero disposto á formación continua. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Nivel escaso de creación de contidos dixitais. 2. Non uso de ferramentas dixitais para a autoavaliación. 3. Descoñecemento xeralizado das distintas funcionalidades do software libre educativo (Debian/Linux).
PERSONAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. As auxiliares de conversa teñen certo dominio para a creación de contidos dixitais. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O persoal de cociña non ten coñecementos dixitais para aplicar no seu traballo.
ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. A maioría coñecen e dispoñen de varios tipos de dispositivos electrónicos. 2. Aprendizaxe rápido cando é un contido do seu interese. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Hai alumnado que non posúe dispositivos ou non sabe empregarlos. 2. A maioría do alumnado ten competencias dixitais moi básicas. 3. A maioría do alumnado realiza buscas de información de xeito erróneo ou incorrecto.
FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pagan anualmente unha plataforma externa para uso educativo no colexio (Snappet). 2. Empregan as canles oficiais de comunicación có centro (Abalarmóbil, correo electrónico, páxina web do centro...). 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A competencia dixital é baixa ou moi baixa. 2. Moitas familias teñen escasa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe (agrúndase se son contidos dixitais).
OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Experiencia previa no ensino mixto ou a distancia (Confinamento) mediante aula virtual, E-Dixgal e Snappet. 2. Implementación do API na área de libre configuración en 4º e 6º de Educación Primaria dende hai 4 anos. 3. Inclusión no programa E-Dixgal e no programa Digicraft para os cursos de 5º e 6º de Educación Primaria. 4. Inclusión diversos programas e plans educativos como medio de mellora das condicións educativas dixitais (PLAMBE, PROXECTA+). 5. Traballo interdisciplinar no programa Radio na biblio (creación de podcast, entrevistas...). 6. Implementa formacións para o profesorado (PFPP) e para o alumnado (Ciberseguridade e Radio). 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta dun horario oficial nos restantes cursos de Educación Primaria para impartir un área de competencias dixitais. 2. A maior parte da oferta está focalizada para 5º e 6º curso de Educación Primaria.
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. O mantemento do equipamento informático realízao unha empresa externa contratada polo centro. 2. O centro dispón de ordenadores portátiles para préstamo. 3. Dispón de espazos, ben acondicionados, destinados ao fomento da competencia dixital: aula informática (ordenadores de mesa e pizarra), ludoteca (ordenadores de mesa, pizarra, impresora 3d e zona de robótica e zona da radio (ordenador portátil, micrófonos e mesa de mesturas). 4. O centro equipou todas as aulas cun portátil, pizarra dixital e proxeccionador en 4 anos. 5. O coordinador TIC/E-Dixgal/Abalar realiza funcións de axuda a nivel básico. Todos os mestres axúdanos de xeito mutuo para solventar os problemas que poidan xurdir. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O mantemento do equipamento informático realizado pola empresa externa é de pago mensual costeado polo propio centro e non ten dispoñibilidade inmediata. 2. Falta dun espazo comunitario para todo o colexio (tipo salón de actos).

		6. Emprego do protocolo de protección de datos e imaxes.	
--	--	----------------------------------------------------------	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> Ofrece equipamento ao centro. Oferta función de soporte mediante a UAC e o Servizo Premium. Oferta formación aos mestres mediante a formación en centros (PFPP) ou cursos xestionados polo CFR ou CAFI de xeito presencial ou en rede. Inventario actualizado cada ano (DRD). 	<ol style="list-style-type: none"> O equipamento é escaso e o achegamento dos recursos é moi lento. Na formación en centros existe moita disparidade de niveis. Formación paralela ao comezo do desenvolvemento dun programa, como no E-Dixgal. Escasa ou nula presenza de contidos dixitais no currículo oficial. Obxectivos e contidos a nivel dixital desglosados por cursos e ou ciclos. Escasa ou nula presenza de contidos dixitais específicos no horario oficial.
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> Uso de recursos legais. Coñecemento do protocolo de datos. 	<ol style="list-style-type: none"> Descoñecemento xeralizado das licencias Creative Commons. Descoñecemento da existencia de protocolos ou leis referentes á xestión dos equipos informáticos.
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> A biblioteca do Concello posúe dous ordenadores para o seu uso persoal. Instalación de fibra óptica nos núcleos de poboación do Concello. 	<ol style="list-style-type: none"> No hai ningún punto de conexión (wi-fi) gratuito. Escasos espazos adicados polo Concello. Internet no rural é limitado e moi caro.
	ANPA		<ol style="list-style-type: none"> Pouca implicación na busca de actividades (conta con moi poucos soci@s ou afiliad@s).
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> Curso de mecanografía / informática un día á semana impartido por unha empresa externa e en colaboración có Concello e có colexio, que cede as súas instalacións para o seu uso. 	<ol style="list-style-type: none"> Na zona existe unha oferta moi escasa e tamén é de pago. Existe unha limitación nos desprazamentos (transporte).

Plan de Acción

En cada curso escolar, adaptárase este plan de acción, tendo en conta os recursos humanos, físicos e materiais.

Obxectivos, indicadores e accións

As áreas prioritarias de actuación foron:

B-Colaboración e redes.

E-Pedagogía e recursos.

H-Competencias dixitais do alumnado.

Nas seguintes táboas móstranse os obxectivos plantexados para o vindeiro curso e as accións para acadalos.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: B-Colaboración e redes						
OBXECTIVO 1	Colaborar con outras entidades para o desenvolvemento da competencia dixital. (B3)				Acadado	
Responsable	Coordinador/a extraescolares.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Incremento do número de colaboracións.					
Valor de partida	3 (Fundación Vodafone , empresa Snappet e empresa externa mecanografía).					
Valor previsto e data	5 (Plan Director, Navega con Rumbo).			31/3/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitar as charlas do Plan Director e o Navega con Rumbo sobre as TIC.	Coordinador/a extraescolares.	31/3/2023	Medios tecnolóxicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar a continuidade no proxecto Digicraft (Fundación Vodafone) e do proxecto Snappet na aula.	Coordinador TIC.	31/12/2022	Medios tecnolóxicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Solicitar a continuidade da actividade extraescolar de mecanografía (ordenador).	Dirección.	31/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: E-Pedagogía:Apoio e Recursos							
OBXECTIVO 2	Promover o uso da aula virtual polos membros da comunidade educativa. (E3)					Acadado	
Responsable	Equipo directivo/Coordinador TIC.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Control de acceso á aula virtual.						
Valor de partida	20% do profesorado						
Valor previsto e data	75% do profesorado				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO2.1: Realización actividades semanais na aula virtual.	Coordinador TIC.	Remate curso 2022/2023.	Tecnoloxía dixital.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Elaboración dun horario para a aula de informática.	Coordinador TIC.	Remate mes setembro 2022.	Tecnoloxía dixital.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3: Fomentar o uso da aula virtual por parte das familias, dando a coñecer o seu funcionamento na reunión inicial de curso por parte dos titores e titoras.	Dirección.	Remate do mes de setembro.	Espazo físico e tecnoloxía dixital.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: H-Competencias dixitais do alumnado							
OBXECTIVO 3	Manexar os aspectos básicos do ordenador no 2º ciclo de Educación Primaria (H1 e H3)				Acadado		
Responsable	Coordinador TIC				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O alumnado debe manexarse con autonomía ao realizar tarefas básicas có computador.						
Valor de partida	20% do alumnado.						
Valor previsto e data	70% do alumnado.			Xuño 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO3.1: Iniciar ao alumnado del 2º ciclo de Educación Primaria nos aspectoss básicos do computador.	Tutor/a cada curso.	Ao finalizar o curso escolar 2022/23	Aula informática e tecnoloxía dixital.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO3.2: Consolidar os aspectos básicos do computador no 2º ciclo de Educación Primaria.	Tutor/a cada curso.	Ao finalizar o curso escolar 2022/23	Aula de informática e tecnoloxía dixital.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO3.3: Adicar unha sesión semanal ao traballo dos aspectos básicos do computador.	Equipo directivo.	Ao finalizar o curso escolar 2022/23	Aula de informática e tecnoloxía dixital.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

INFRAESTRUTURA DIXITAL

Revisión da instalación eléctrica do centro.

EQUIPAMENTO

- 4º Educación Infantil: 1 ordenador para ter aula dixitalizada.
- 5º e 6º Educación Infantil: 1 ordenador e un panel interactivo para ter aula dixitalizada.
- Sala informática: 20 equipos novos cun panel interactivo, xa que moitas sesións impártense nesa aula e dispoñemos de grupos mixtos que rondan entre 15 e 20 alumnos. Aportaría un ensino dixital masivo e autónomo.
- Sala do profesorado: 1 ordenador, xa que só dispoñemos de un, e somos 15 mestres.
- Aula de Audición e Linguaxe: 1 panel interactivo para traballar có alumnado de xeito visual e interactivo.
- Aula de Pedagogía Terapéutica: 1 panel interactivo e 1 ordenador, xa que amplía as posibilidades para o traballo desta especialidade (programas específicos, traballo de motricidade fina...).
- Aula de Pedagogía Terapéutica (preferente): 1 panel interactivo e 1 ordenador, xa que amplía as posibilidades para o traballo desta especialidade (programas específicos, traballo de motricidade fina...).

Avaliación do plan

O proceso avaliador terá dous momentos diferenciados:

- A avaliación periódica levarase a cabo ao remate de cada trimestre académico. Valorarase o desenvolvemento das accións, as propostas de mellora e os recursos empregados.
- A avaliación final levarase a cabo ao remate do curso 2022/2023. Valorarase o grao de consecución dos obxectivos propostos e das posibles suxestións de mellora.

Difusión do plan

Acordouse no seo do claustro, empregar as seguintes canles de comunicación do plan a toda a comunidade educativa.

- Comunicación ao Consello Escolar do centro.
- Publicación na páxina web do centro.
- Información ás familias nas reunións do principio de curso.